

Para os que teñan só a 1ª avaliación

1. (Gramática) Pregunta práctica sobre as **propiedades textuais**.
-1 punto-
2. (Vocabulario) Pregunta práctica sobre as palabras **derivadas, compostas e parasintéticas**.
-1 punto-
3. (Gramática) Pregunta práctica sobre as clases de **enunciados segundo a modalidade**.
-1 punto-
4. (Gramática) Pregunta práctica sobre o recoñecemento do **suxeito** nas oracións.
-1 punto-
5. (Comunicación) Pregunta teórica breve sobre os **textos descritivos** (clasificación e organización).
-1 punto-
6. (Ortografía) Pregunta práctica sobre o uso de **b/v, h/o** ou **s/x**.
-1 punto-
7. (Ortografía) Pregunta práctica sobre o uso de **i - l - ll - x** ou sobre **acentuación gráfica**.
-1 punto-
8. (Literatura) Pregunta teórica breve sobre a obra de **Noriega Varela** ou **Ramón Cabanillas**.
-1,5 puntos-
9. (Literatura) Pregunta teórica breve sobre a obra narrativa e ensaística de **Risco** ou **Otero Pedrayo** (p. ex. "Cita e explica tres relatos e un ensaio de Vicente Risco"; "Cita as características da narrativa de Otero Pedrayo e explica dous dos seus relatos" etc.).
-1,5 puntos-

+ Preguntas sobre as lecturas para quen non as superase no seu día.

Para os que teñan só a 2ª avaliación

1. (Comunicación) Pregunta teórica breve sobre os **textos expositivos** (formas de organizarse a información, clases de textos, recursos explicativos...)

-1 punto-

2. (Comunicación) Pregunta práctica sobre a **clasificación de argumentos**, segundo sexan lóxicos, falacias...

-1 punto-

3. (Gramática) Pregunta práctica sobre as **funcións sintácticas** (suxeito e complementos verbais).

-1 punto-

4. (Gramática) Pregunta práctica sobre a clasificación de **oracións compostas** segundo a súa forma de relación (xustaposición, coordinación ou subordinación).

-1 punto-

5. (Vocabulario) Pregunta práctica sobre os **neoloxismos** (identificar o mecanismo ou procedemento de incorporación á lingua).

-1 punto-

6. (Vocabulario) Pregunta práctica sobre a **clasificación de antónimos** (graduais, complementarios e recíprocos).

-1 punto-

7. (Ortografía) Pregunta práctica de **acentuación** gráfica.

-1 punto-

8. (Literatura) Pregunta teórica breve sobre a obra narrativa e ensaística de **Castelao** ou sobre a obra narrativa de **R. Dieste** (p. ex. "Cita e explica tres relatos e un ensaio de Castelao"; "Cita e explica o libro de relatos de Dieste").

-1,5 puntos-

9. (Literatura) Pregunta teórica breve sobre a **poesía entre 1936 e 1976** (p. ex. "características e autores da Promoción de Enlace", "eixos temáticos e obra poética de Celso Emilio Ferreiro"...).

-1,5 puntos-

+ Preguntas sobre as lecturas para quen non as superase no seu día.

Para os que teñan só a 3ª avaliación

1. (Comunicación) Pregunta práctica: a partir de slogans publicitarios, indicar o **recurso de persuasión** predominante.

-1 punto-

2. (Comunicación) Pregunta teórica breve sobre os **textos dos medios de comunicación** (p. ex. “definición e medios de comunicación tradicionais”; “características do xornalismo dixital”; “o estilo dos textos xornalísticos”...).

-1 punto-

3. (Gramática) Pregunta práctica: clasificar **oracións compostas coordinadas**.

-1 punto-

4. (Gramática) Pregunta práctica: localizar as **oracións** ou proposicións **subordinadas** e clasificalas (substantivas, adxectivas ou adverbiais).

-1 punto-

5. (Gramática) Pregunta práctica: localizar as oracións ou proposicións **subordinadas substantivas** e citar a función que cumpren.

-1 punto-

6. (Semántica) Pregunta práctica: indicar nunhas palabras se hai **polisemia** ou **homonimia**. / indicar nunhas parellas de palabras se o termo marcado é **hipónimo**, **hiperónimo** ou **cohipónimo** do outro.

-1 punto-

7. (Observatorio lingüístico) Pregunta práctica: citar as **características dialectais** dun texto e situalo nun dos tres bloques lingüísticos.

-1 punto-

8. (Literatura) Pregunta teórica sobre as principais liñas temáticas da poesía da **Xeración das Festas Minervais** e mais un dos cinco autores destacados.

-1,5 puntos-

9. (Literatura) Pregunta teórica sobre a **prosa de 1936 a 1976**. Cómpre expoñer as características da narrativa e mais a obra de Álvaro Cunqueiro (só tres obras), Ánxel Fole ou Eduardo Blanco Amor. Ou pregunta teórica sobre a **prosa de 1936 a a 1976 (II)**: características da Nova Narrativa Galega + citar os tres autores de referencia e unha obra de cada un / un dos tres autores da Nova Narrativa estudados + X. Neira Vilas / dous autores da Nova Narrativa...

-1,5 puntos-

+ *Preguntas sobre as lecturas para quen non as superase no seu día.*

Para os que teñan TODO

1. (Gramática) Pregunta práctica sobre as **propiedades textuais**. / (Comunicación) Pregunta teórica breve sobre os **textos descritivos** (clasificación e organización).

-1 punto-

2. (Vocabulario) Pregunta práctica sobre as palabras **derivadas, compostas e parasintéticas**. / (Gramática) Pregunta práctica sobre o recoñecemento do **suxeito** nas oracións.

-1 punto-

3. (Comunicación) Pregunta teórica breve sobre os **textos dialogados** (p. ex. “citar e explicar os dous tipos que se poden dar segundo o grao de planificación”).

-1 punto-

4. (Observatorio lingüístico) Citar as **linguas do Estado español**, sen contar con galego e castelán, indicando os territorios nos que se falan e se son ou non oficiais. / (Comunicación) Citar e explicar brevemente os **recursos explicativos dos textos expositivos**.

-1 punto-

5. (Observatorio lingüístico) Pregunta práctica sobre os **bloques dialectais** (localizar nun texto os trazos dialectais e citar o bloque ao que pertence). / Pregunta teórica breve sobre a **variación lingüística** (definir variedade estándar e explicar factores que poden causar variación na lingua)

-1 punto-

6. (Gramática) Citar a **función sintáctica** dunhas secuencias. / Clasificar **oracións compostas por coordinación**.

-1 punto-

7. (Vocabulario) Indicar que **tipo de antónimos** constitúen unhas parellas de palabras. / Indicar nunhas palabras se hai **polisemia** ou **homonimia**.

-1 punto-

8. (Gramática) Pregunta práctica sobre **subordinadas substantivas**: identificalas e citar a súa función. / Localizar as **oracións** ou proposicións **subordinadas** e clasificalas (substantivas, adxectivas ou adverbiais).

-1 punto-

9. (Literatura). Unha das seguintes cuestións:

- Pregunta teórica sobre a obra poética de Ramón Cabanillas.
- Pregunta teórica sobre o neotrobadorismo.
- Pregunta teórica sobre a obra narrativa de Vicente Risco.
- Pregunta teórica sobre a obra narrativa de Castelao.
- Pregunta teórica sobre a obra narrativa de Álvaro Cunqueiro.
- Pregunta teórica sobre a obra narrativa de Ánxel Fole.
- Pregunta teórica sobre a obra narrativa de Blanco Amor.
- Pregunta teórica sobre as características da Nova Narrativa Galega + citar os tres autores de referencia e unha obra de cada un.

-2 puntos-

+ Preguntas sobre as lecturas para quen non as superase no seu día.